

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 13/01/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 13/01/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 07 de xaneiro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/0038

Dáse conta do escrito presentado por Don Jose Luís García Rivas solicitando mellora da seguridade vial do paso de peóns sito fronte ao número 8 na rúa Manuel Antonio.

Dáse conta do informe da Policía Local sinalando que efectivamente dito paso de peóns non goza de boa visibilidade segundo o sentido da marcha que hai nesta rúa, non se aprecian ben os peóns que cruzan de esquerda a dereita, debido a que nesta marxe hai estacionamento en liña ata a altura do paso de peóns dificultando a visibilidade do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda:

- Eliminar unha praza de estacionamento para evitar a falta de visibilidade no paso de peóns.
- Elevar o paso de peóns para lograr que os vehículos aminoren a velocidade ao chegar á súa altura.
- Crear un paso para peóns debidamente sinalizado na confluencia da rúa Manuel Antonio coa rúa López Cuevillas para facilitar o cruzamento de peóns neste punto, xa que non existe ningún, sendo un punto no que cruzan moitas persoas e tamén escolares.

Dar conta do presente acordo ao Enxeñeiro Municipal Oscar Álvarez e ao Departamento de Obras (sinalización Álvaro).

PRP2025/0041

Dáse conta do escrito presentado por Motoclub VFM, solicitando o uso da explanada situada no Polígono do Pousadoiro, os días 4, 5, 11, 12, 18, 19, 25 e 26 de xaneiro en horario de 10:00 a 17:00 horas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda acceder ao solicitado.

CULTURA

PRP2025/0031

Vista a solicitude de D. Juan Davila, en representación da Asociación Comisión de Festas San Miguel de A Torre, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun acto conmemorativo das Festas de San Miguel no Centro Cultural de A Torre o vindeiro día 12 de xaneiro de 2025:

- Actuación da Asociación Cultural Coral Amencer por un importe de 335,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comúnicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/0037

A asociación cultural Mesa das Verbas de Vilagarcía de Arousa organiza desde 2021 un certame de creación poética dirixido á poboación escolar, aberto a todos os centros de ensino de Galicia e en especial aos de Vilagarcía e a súa zona de influencia.

A finalidade deste concurso é promover a creatividade en lingua galega e fomentar a poesía entre a mocidade.

A IV edición deste premio organizado pola Mesa das Verbas foi dirixido todas as persoas maiores de 15 anos que desexen participar.

Participaron 28 escritores e escritoras das que o xurado emitiu o seu ditame o 18 de decembro de 2024, co seguinte fallo:

1º Premio: A Dña. Mónica Garrido Lavandeira, de Vilagarcía de Arousa, polo seu poema titulado: “ANATOMÍA DUNHA ESPIRAL TEMPORAL”

2º Premio: A Dña. María José Rodríguez García, de Vilagarcía de Arousa, polo seu poema titulado: “NOXO”

3º Premio: A D. Víctor Manuel Golpe Castro. De Vilagarcía de Arousa, polo seu poema titulado: “A NOSA PROPIA UP”

O concurso organizado pola asociación conta coa colaboración da Deputación de Pontevedra, o Centro Comercial Arousa e a mesma concellaría de Cultura do concello de Vilagarcía de Arousa.

A colaboración que se presta a este concurso é a de secretaría técnica do Xurado, confeccionando e coordinando a acta, organización do acto de entrega dos premios o día 17 de xaneiro de 2025, ás 20:00 horas no Salón García, a impresión dos diplomas e un agasallo institucional do concello aos gañadores dos premios pola súa participación.

O agasallo aos premiados pola asociación nesta IV edición do concurso, será unha peza de Sargadelos de Castelao por cada premiado pola Asociación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao subministro de tres pezas de Sargadelos de Castelao, por parte de Dona Carmen Pérez Gómez, NIF 32441334H (MAVIC REGALOS), por un importe total de 354,00 € (IVE incluído) con cargo á partida 334.22699, de conformidade co orzamento presentado.

CONTRATACIÓN

PRP2025/0035

Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar, o contrato menor de servizos denominado CT 101/2024-e “SERVIZO DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DOS SISTEMAS DE ALARMA DE INCENDIOS E ROUBO/INTRUSIÓN INSTALADOS NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA, ASÍ COMO A CONEXIÓN DESTAS ALARMAS CON CENTRAL HOMOLOGADA DENDE O 1 DE DECEMBRO DE 2024 ATA 31 DE MAIO DE 2025”(agás que con anterioridde se adxudicara e entrara en vigor o novo contrato que se está a licitar actualmente) á mercantil SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A (NIF: A79252219) por importe de 2.259,36 € (sen IVE), 2.733,90 € (con IVE), coa seguinte desagregación por instalación:

Nombre Conexión	importe mensual SEN IVE 2024/2025	importe mensual 21% CON IVE 2024/2025	ANUALIDADE 2024/2025 DECEMBRO 2024 E XANEIRO A MAIO DE 2025 CON IVE	PARTIDA
AUDITORIO	148,93	180,21	1081,26	334.213
EDIFICIO MATOSINHOS	20,99	25,40	152,4	241.213
E.I. GALIÑA AZUL (Carril)	52,75	63,83	382,98	323.213
E. I. VILAXOÁN	63,60	76,96	461,76	323.213
MUSEO FERROC.	17,58	21,27	127,62	432.213
SALA RIVAS BRIONES	16,55	20,03	120,18	334.213
SPAD	56,16	67,95	407,7	2311.213
IMPORTE TOTAL	376,56	455,65	2.733,90	

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.